

EDITO DE PUBLICACIÓN DE SOMETEMENTO A CONSULTA PÚBLICA

Este Concello pretende elaborar e aprobar a Ordenanza municipal de Venda Ambulante no Concello da Estrada, de conformidade coa Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), con carácter previo á elaboración do proxecto ou borrador da Ordenanza, sométese a consulta pública previa para recabar a opinión dos cidadáns e organizacións máis representativas que potencialmente poidan verse afectados pola mesma, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias ou non regulatorias.

En consecuencia, sométese a consulta pública previa á elaboración do proxecto ou borrador da Ordenanza municipal Reguladora de Venda Ambulante no Concello da Estrada, coa seguinte

MEMORIA

a) Antecedentes: Atópase en vigor a Ordenanza municipal reguladora de Venda Ambulante no Concello da Estrada aprobada por acordo Plenario de 30/04/2004.

b) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa: A regulación de novas figuras do comercio ambulante, abarcando a venda en mercados periódicos, venda en mercados fixos, venda en postos desmontables instalados na vía pública, venda en mercados ocasionais, venda mediante camións ou vehículos-tenda e venda en vehículos con carácter itinerante.

d) Necesidade e oportunidade da súa aprobación: A necesidade fundaméntase na obriga de adaptar a norma á lexislación vixente, en concreto á Lei 13/2010, de 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, e dar cobertura legal a novas figuras de venda ambulante dun xeito exhaustivo e detallado.

e) Obxectivos da ordenanza: Dada a importancia das actividades feirais e de venda ambulante como elemento dinamizador da economía e medio de promoción dos produtos locais, así como o feito de que este tipo de actividades requiren o uso do solo público, o que debe conciliarse co interese xeral e basearse na seguridade e a saúde públicas, faise preciso o establecemento dun marco xurídico que desenvolva, regule, fomente e modernice o seu exercicio.

Así mesmo, establecer un réxime sancionador segundo clases de infraccións adaptado ao establecido na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia.

c) Posibles solucións alternativas regulatorias y no regulatorias: Non procede.

Durante o prazo de VINTE DÍAS hábiles (art. 83.2 LPACAP), seguintes á da publicación do presente Edito no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica (aestrada.sedelectronica.gal) e na páxina web municipal (aestrada.gal), os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poderán facer chegar as súas opinións a través do rexistro electrónico da sede electrónica



(aestrada.sedelectronica.gal) ou ben nas oficinas do Rexistro Xeral da Casa do Concello.

O ALCALDE,

(Documento asinado dixitalmente ao marxe)

